



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (05/2025)

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera e D. Ramón Blanco Filgueiras, e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela, nin D. Ángel Filgueiras Grueiro, escusando a súa ausencia os seus compañeiros do grupo político.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 89/2025, de 14 de marzo, pola que se aproban os Marcos Orzamentarios 2026-2028 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000091)
- 2.- Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero sobre o problema do drenaxe no campo de fútbol municipal
- 3.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de febreiro último
- 4.- Asuntos urxentes
- 5.- Rogos e preguntas

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 89/2025, DE 14 DE MARZO, POLA QUE SE APROBAN OS MARCOS ORZAMENTARIOS 2026-2028 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000091)

O Sr. Alcalde manifesta que xa teñen todos a resolución e pregunta se fai un resumo ou se xa toman razón, se se da por lido, respondendo tanto a Sra. Voceira do Grupo Popular como o Sr. Concelleiro do BNG que pola súa parte se da por lido, declarando entón o Sr. Alcalde que o Pleno toma razón.

A devandita resolución transcríbese textualmente a continuación:

“ASUNTO: APROBACIÓN MARCOS ORZAMENTARIOS 2026-2028

EXPEDIENTE: 2025/G003/000091

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O artigo 29 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a obriga das administracións públicas de elaborar un plan orzamentario a medio prazo que se incluírá no programa de estabilidade e no que se enmarcará a confección dos seus orzamentos anuais. Abarcará un período mínimo de tres anos e a través del garantirase unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra do gasto.

Conterá as proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta a súa evolución tendencial, o impacto das medidas previstas para o período considerado, os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos e unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.

En desenvolvemento deste precepto, o artigo 6 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas en dita lei, determina que: "Antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais".

O MINF, na páxina da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, abriu ata o día 15-03-2025 a aplicación para o envío dos datos correspondentes aos plans orzamentarios a medio prazo 2026-2028 das entidades locais, de acordo coa Orde HAP/2015/2012, en termos de estimacións de dereitos recoñecidos (RDs) e obrigas recoñecidas netas (ADOs) para o exercicio de 2025 e de previsións iniciais (PIs) e créditos iniciais (CIs) para os do 2026 ao 2028, e ademais publicou nela unhas instrucións para a información a comunicar en cumprimento da dita orde sobre os plans orzamentarios, cos requirimentos de información que nelas se establecen e que obriga á adopción de decisións ao respecto.

Nestas instrucións especifícase que para o 2024 reactiváronse as regras fiscais, suspendidas desde o 2020. O Acordo do Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023, aprobado polo Congreso dos Deputados na sesión celebrada o 19 de decembro de 2023 e pendente da súa aprobación polo Senado, fixa os obxectivos de estabilidade e o teito de gasto non financeiro para as Administracións Públicas no período 2024-2026 de acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira. No dito Acordo, para as Entidades Locais, se fixa o obxectivo do déficit do 0,0% do PIB para os tres exercicios contemplados e de débeda pública do 1,3% para 2025 e 2026 e de 1,2% para 2027 e se establece a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española, que limita a variación do gasto computable das Administracións Públicas, no 3,2%, o 3,3% e o 3,4%, para 2025, 2026 e 2027, respectivamente. Ao ser rexeitados polo Congreso dos Deputados e unha vez consultados os Servizos Xurídicos do Estado, en virtude dos principios que rexen a aplicación da normativa e actos da Unión Europea e exercendo a responsabilidade que se atribúe ao Goberno de España, conforme ao previsto no artigo 10 da LOEPSF, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda establecidos para o subsector



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

local na Actualización do Programa de Estabilidade (que equivalería ao actual Plan Fiscal e Estrutural a Medio Prazo do Reino de España no contexto das novas regras fiscais europeas).

En tanto non se aproben os obxectivos deben considerarse aplicables as previsións recollidas no Programa de Estabilidade 2023-2026, valorado favorablemente polo Consello en xullo de 2023, e que contén unha previsión para o subsector das EELL de superávit do 0,1% del PIB en 2025 e do 0,2% do PIB no 2026.

Respecto a taxa de referencia de crecemento do PIB a efectos da aplicación da regra de gasto, ao non ser precisa a súa aprobación polas Cortes Xerais, considerase aplicable a prevista no Acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2024, que establece unhas taxas de referencia do 3,2%, 3,3% e 3,4% para cada un dos anos do período 2025-2027. En canto aos obxectivos de estabilidade orzamentaria previstos no 2027 e 2028, ao non dispor de información e ata que non se coñezan os mesmos aplicaranse os correspondentes ao último ano do período dispoñible (2026).

Para estimar os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2025, utilízase o mesmo cálculo que o elaborado para o envío da prórroga do orzamento para 2025, que consta explicado no informe de Intervención que figura asinado dixitalmente no expediente electrónico de Tedec núm. 2025/T004/000002 e que é o seguinte:

Para efectuar as previsións en materia de ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (Cs) 1, 2 e 3 son o resultado de incrementar nun 2% a media dos RDs que estes mesmos Cs tiveron entre 2022 e 2024. No C 4, a estimación faise coa media dos DRS dos anos 2022 a 2024 descontando deles o último Obradoiro de emprego que xestionou o Concello e, no 2024, os ingresos correspondentes á amortización de débeda financiada pola Deputación, e incrementando o resultado nun 3% e ademais engadíndolle o importe previsto da subvención do POS+ Ad3/2025 para amortización de débeda. Nos C 5, C 8 e C 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras adxudicadas, ou propostas para adxudicación, pendentes de realizar: o POS+ Ad 2B/2023, POS+ 2024, POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2024-2054. E o 50% correspondente ás obras do POS+ Ad 2A/2024, 77.017,76€, POS+ 2025, estimadas en 449.862,88€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 40.000,00€, e as do FCA de 2025, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, e algunhas nin concedidas.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímense descontando as medias dos ADOs de 2022 a 2024 deste C os gastos do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX e aplicándolle ao resultado un incremento do 3%. Os do C2, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os que se estiman financiados co RTGX (50% no 2024) atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2025 e aplicándolle á media do 2022-2024 un incremento do 2%. No C 3, a previsión é aplicarlle a media de ADOs 2022-2024 un incremento do 2%. No C 4 a estimación de ADOs é do mesmo importe que os do 2024 descontando os que se estima que se financiaron co RTGX (50% do total). No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas, ou nas que se propuxo a adxudicación,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

pendentes de realizar: POS+ Ad 2B/2023, do POS+ 2024, do POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade de 2025 do Agader 2024-2025, por importe de 44.344.08. E o 50% das obras do POS+ Ad 2A/2024, POS+ 2025, estimadas en 449.862,88€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 48.400,00€, e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, algunhas nin concedidas. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023 e no C9 a anualidade do POS+ AD3/2025 para amortización de débeda.

A actual situación de prórroga do orzamento do 2023 para o actual exercicio de 2025 fai imposible calcular cun mínimo de rigor as estimacións para exercicios posteriores a través de porcentaxes sobre créditos iniciais ou definitivos.

Pola situación exposta, a estimación de CI e PI para os exercicios 2026 a 2028 realízase da mesma maneira que se realizou para o envío dos Marcos orzamentarios do período 2025-2027, que consta explicada no decreto de Alcaldía nº 80/2024.

Nos exercicios de 2026, 2027 e 2028, non se prevé a concertación de operacións de endebedamento.

A estimación para 2026 realízase da mesma maneira que cando se realizou para a aprobación dos Marcos Orzamentarios 2025-2027, que, a súa vez, parte do anteproxecto do Orzamento do Concello para 2024.

Nos ingresos, calcúlanse as PIs do 2025 aplicando ás do 2024 dos Cs 1, 2, 3, 4 e 7, un coeficiente de incremento previsto do 1,02, pola información dos exercicios precedentes. No resto de Cs non se prevén ingresos. Sobre este resultado aplícase a mesma porcentaxe sobre 2025 para o cálculo para 2026.

Nos gastos, aplícase un coeficiente de actualización nas CIs previstas para 2024 dos Cs 1 e 2 do 1,025 e do 1,02, respectivamente. Nos Cs 3, 4 e 7 considérase que as CIs deben de ser as mesmas que as de 2024. No C 6, a consignación para investimentos, principalmente para o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e para o Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal, calculase pola diferenza. No resto de Cs non se consigna ningunha cantidade para 2025. Sobre este resultado aplícase a mesma porcentaxe sobre 2025 para calcular 2026 deducindo ademais no C 6 un importe igual ao axuste polos gastos pendentes de aplicar ao orzamento máis un céntimo para cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A continuación, realízanse as estimacións para os exercicios de 2027 e 2028. Para calculadas, nos ingresos, para 2027, aplícanse aos resultados obtidos para o 2026, nos C1, C2, C3, C4 e C7, un coeficiente de actualización do 1,02, e tamén para o exercicio de 2028, pero neste caso aplícase sobre os resultados obtidos para o 2027. As do C5 mantéñense nas mesmas contías que no 2026, tanto para o 2027 coma para o 2028. Canto aos gastos, tanto para o 2027 como para 2028, pero neste último aplicando os cálculos sobre os resultados obtidos para o 2027, aplícase un coeficiente de incremento do 1,02 nos C1 e C2, para facer fronte aos incrementos salariais, recoñecemento de antigüidade e similares e para os incrementos estimados para adquisicións e subministracións e prestacións de servizos. Os C 3 e C 7 mantéñense nas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

mesmas contías que no 2025, tanto para o 2027 coma para o 2028. No C6, para investimentos, no 2027 e 2028 calculase pola diferenza. No C 9, consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións pola débeda a longo prazo da Corporación en vigor segundo as correspondentes táboas de amortización previstas. F

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, tanto para o 2025 como para o resto dos exercicios aos que se refiren estes Marcos, estímase pola media na liquidación dos exercicios 2021 a 2023, dos pagamentos pendentes de aplicación. Non se calcula neste momento o correspondente ao grao de execución do gasto ante a imposibilidade de realizar agora unha previsión cun mínimo de rigor dos RDs e ADOs de 2026 a 2028.

As cifras obtidas segundo o exposto, refírense ao correspondente exercicio corrente e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, coa regra do gasto e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

Á vista do exposto anteriormente e considerando que, segundo o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponden á Alcaldía as competencias asignadas polas leis ao municipio que non atribúan a outros órganos locais, como neste caso, e que, polo tanto, me corresponde a adopción do presente acordo:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte estimación de dereitos e obrigas a recoñecer e de previsión de débeda para o exercicio de 2025:

INGRESOS / GASTOS	ANO 2025 (En euros)
INGRESOS	3.060.729,40
Correntes	2.162.204,00
Capital	898.525,40
Financeiros	0,00
GASTOS	2.970.604,97
Correntes	1.908.017,16
Capital	928.284,05
Financeiros	134.303,76
Saldo operacións non financeiras	224.428,19
Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95	-11.025,44

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Capacidade ou necesidade de financiamento	213.402,75
Débeda viva estimada a 31/12 (Préstamos sen intereses coa Deputación Provincial)	575.840,91
A curto prazo	
A longo prazo	575.840,91
Ratio Débeda viva/ Ingresos correntes	0,27

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte plan orzamentario a medio prazo para o período 2026-2028, en termos de créditos iniciais, no que se enmarcará a confección dos orzamentos anuais:

INGRESOS			
INGRESOS	2026	2027	2028
CORRENTES	2.140.841,17	2.183.658,00	2.227.331,16
DE CAPITAL	403.977,23	412.056,77	420.297,90
FINANCEIROS			
TOTAL ORZAMENTO	2.544.818,40	2.595.714,77	2.647.629,06

GASTOS			
GASTOS	2026	2027	2028
CORRENTES	2.090.750,97	2.105.593,02	2.145.820,78
DE CAPITAL	443.041,98	432.537,66	444.224,19
FINANCEIROS	0	57.584,09	57.584,09
TOTAL ORZAMENTO	2.533.792,95	2.595.714,77	2.647.629,06

TERCEIRO.- Que o Secretario-Interventor do Concello comunique os devanditos datos ao MINF, por medios electrónicos, a través do sistema informático habilitado para o efecto e coa súa firma electrónica, para dar cumprimento ao prazo establecido.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado pola Secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo

O Secretario

Baldomero Beceiro Alonso

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO SOBRE O PROBLEMA DO DRENAXE NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL.

A moción do Grupo Popular Municipal do Concello de Monfero sobre o problema do drenaxe no campo de fútbol municipal á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN PROBLEMA DE DRENAXE NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL.

O Grupo Municipal Popular no Concello de Monfero de acordo o disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O campo de fútbol municipal é unha infraestrutura fundamental para o desenvolvemento deportivo no noso concello. Sin embargo, a pesar da recente inversión de máis de 300.000€ que se invertiron no seu arranxo e os cerca de 1.500€ que se destinan para o seu mantemento mensual, presenta un grave problema na drenaxe.

Cada vez que chove durante varios días seguidos, o campo acaba encharcado e vólvese impracticable impedindo a realización da actividade deportiva, obrigando moitas veces o seu cierre temporal en moitos casos. Esta situación afecta directamente o equipo de fútbol municipal, único equipo que utiliza esta instalación, impedíndolle entrenar e disputar os partidos con normalidade. Como consecuencia, é necesario recurrir a instalacións de municipios veciños, o que supón unha incomodidade para o Club.

Este problema de drenaxe non é só unha cuestión deportiva, senón que ten repercusións máis amplas. A inadecuada evacuación da auga pode derivar en danos estruturais no campo, reducindo a vida útil da infraestrutura e xerando maiores gastos no futuro. Ademais, un terreo de xogo en mal estado aumenta o risco de lesións para os xogadores, poñendo en perigo a súa integridade física.

Dado o impacto negativo que esta problemática xenera, é imprescindible que o goberno local tome medidas urxentes para arranxar o problema. O período estival, coincidindo co fin de tempada e o parón de verán, preséntase como o momento idóneo para levar a cabo a obra necesaria pois non se interrompe a actividade deportiva.

O Grupo Municipal Popular no Concello de Monfero, considera necesario que se arranxe dito problema de drenaxe para así non por en perigo as vindeiras tempadas e non ter que depender de outros campos de concellos veciños.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Por todo o exposto, presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO o Pleno da Corporación:

1. O Pleno da Corporación do Concello de Monfero insta ao goberno municipal a realizar un estudo técnico urxente sobre as deficiencias de drenaxe do campo de fútbol municipal, co obxectivo de identificar as deficiencias e propoñer ás mellores solucións técnicas.
2. Que, en base aos resultados do estudo, se proceda á execución das obras necesarias para solucionar o problema, priorizando a súa realización durante o período estival para minimizar o impacto sobre a actividade deportiva.

Monfero 5 marzo de 2.025

GRUPO MUNICIPAL POPULAR"

O Sr. Alcalde en funcións dálle a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular municipal, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que se queren le a moción e que desde o Grupo Popular tomaron a iniciativa de presentar esta moción despois de que certas persoas do club se puxeran en contacto con eles para comentarlles este problema e que entón, a exposición de motivos que fixeron foi a da moción e que o que veñen a pedir e que se solucione o problema que ten para evitar danos futuros no que é a súa estrutura e á parte porque a isto hai que darlle unha solución, que non pode estar así por moito máis tempo, e que consideran que a época para facelo é o verán e que como estamos preto do remate da tempada que sería o ideal que as obras se fixeran este verán, podendo ser, e poñendo fin así a esta situación para que o club non teña que desprazarse a outros concellos para poder adestrar como estivo facendo este inverno. Que saben que cando chove aquilo se anega e que cre que están bastante expostos os motivos e non hai moito máis que engadir pola súa parte.

Deseguido pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que o seu voto vai ser en contra, non porque non necesiten iso, que hai unha empresa que está contratada para facer o mantemento do campo e hai que esixirlle a esa empresa que faga o mantemento do campo, incluído o drenaxe, que inclúe cen metros cadrados de céspede ao ano e ningunha das cousas está facendo e que esa é cuestión do Concello, que non hai que meter máis investimento que aquí non estamos en Oleiros tampouco para estar coidando o campo de fútbol, nin está o equipo en primeira división nin en segunda para estar investindo todos os anos cartos no campo de fútbol, no que xa se investiu abondo, non tanto como se pon na moción pero xa se investiu abondo no campo de fútbol.

Intervén agora a Sra. Voceira do Grupo Popular e lle di ao Sr. Concelleiro do BNG que ten razón, que quere dicir que fixeron o calculo estimado dos trescentos mil euros, que quizás foron máis. Que totalmente de acordo en que un campo destas características ten un mantemento e que non sabe se corresponde á empresa levar a cabo o problema do drenaxe ou se hai que facer un estudio por parte do Arquitecto municipal para saber

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

onde está o problema porque o drenaxe está feito pero non funciona e entón, supostamente cando se fixo a obra fíxose mal porque se non funciona evidentemente... Neste intre pregunta o Sr. Concelleiro do BNG quen fixo a obra. O Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, manifesta que haberá que pedirlle explicacións. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que agora mesmo non o sabe e o Sr. Concelleiro do BNG di que cre que foi a mesma empresa que leva o mantemento. Conclúe a Sra. Concelleira que o que está claro é que hai que buscarlle unha solución a ese problema e o Sr. Concelleiro do BNG di que está totalmente de acordo en que hai que buscarlle unha solución pero non con máis investimento. Remata a Sra. Concelleira dicindo que despois de investir tantos cartos alí ter un campo inservible e ter que acudir a un campo doutro concello pois tamén é triste.

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles se remataron e deseguido manifesta que, como dicía o Sr. Concelleiro do BNG, a moción xa comeza cun erro, que non foron trescentos mil euros, que non sabe de onde saca esa cantidade, que cre que foron cento catro de construción do campo máis preto de setenta en iluminación led, que non sabe de onde saca os trescentos. Que 1.500 ao mes tampouco é certo que son 1.300. Intervén a Sra. Concelleira e dille que xa poñen que é unha cifra estimada. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que o que lle chama a atención é que desde o Grupo Popular, sempre desde que se fixo o campo de fútbol, sempre estiveron en contra de que se fixera, que non sabe o por que pero sempre en contra e que agora ven aquí erixíndose na defensora do campo (...), que non hai quen o crea, que polo menos eles non o cren. Que visto isto, teñen un informe dun enxeñeiro, que o ten aquí, que nas observacións apunta que o drenaxe funciona perfectamente, que pon "que non se encontran zonas brandas e os drenaxes están funcionando adecuadamente. En revisións en días chuviosos púidose comprobar que as saídas dos tubos de drenaxe están operativas e permiten a correcta evacuación da auga, evitando acumulacións e posibles danos no céspede". Resalta o Sr. Alcalde en funcións que isto foi feito por un enxeñeiro experto no tema. Que segue: "O problema débese a despoboación do céspede". Que non o di el (o Alcalde en funcións) que o din os técnicos, que non é un criterio político. Na tempada invernal, que non finalizou aínda, afecta negativamente ao céspede. Este inverno, igual que o pasado, foi especialmente chuvioso, provocando danos no céspede natural. En ocasións as choivas foron con moita intensidade. Este fenómeno é un problema que afecta a todos os campos da provincia, incluso de terceira división e segunda reg que tamén levan algún campo. E outro é o uso excesivo do campo. Un campo natural, para telo impecable, ten que descansar, que iso sabémolo todos. Que el (o Alcalde en funcións) leva xogando ao fútbol... que xogou no Monfero catorce anos, e campos naturais impecables no inverno poucos viu, o do Cerdido e pouco máis, así que aquí o problema é o uso excesivo que se lle da ao campo, tanto polos adestramentos como tamén polos nenos do colexio, que non descansa, e iso conleva como pon aquí que a herba ten problemáticas para nacer. Onde hai calvas no céspede é onde encharca porque onde non hai vexetación non absorbe a auga e é onde encharca. Que isto é un informe técnico non é para nada político. Que recomendan darlle descanso ao campo e que, evidentemente, non o van a pechar ao colexio, que o que van a intentar facer é compaxinar o uso do colexio co uso do equipo, dentro das súas maiores posibilidades.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Que volve repetir que se queremos ter un campo de primeira división, como o de Riazor, como o Bernabeu ou como sexa, non se pode adestrar nel nin usalo en toda a semana, iso é inevitable e que iso, el, que xogou ao fútbol moitos anos, o viu por aí adiante, que ten xogado en campos naturais moi bos e en inverno enchíanse de auga, que os que son futboleros ven que campos de primeira división, como os do Madrid ou Barcelona, cando chove moito tamén se enchen de auga, que teñen que andar quitando auga con pas ou co que sexa, e non é por que drene mal o campo, que iso non é verdade. Que a conclusión é ir compaxinando o uso do colexio cos adestramentos e co uso dos domingos, cada quince días, por parte do equipo, que desde logo non o van a pechar ao colexio e que, como dicía D. Manuel García Deive, a empresa está levando o mantemento, ao mellor non como debería? pode ser, haberá que esixirlle máis, pero que cre que en liñas xerais están cumprindo bastante ben, que o que falaba dos cen metros cadrados de céspede, si que se puxo algún ano, sobre todo nas porterías e no centro do campo, e tamén esixen moitas veces que se pinche o campo cunha máquina que ten uns pinchiños co tractor que vai pinchando o campo para que osixene e a auga vaia máis para o drenaxe. Entón, que unha de dúas, ou seguimos como estamos esixindo máis á empresa compaxinando o uso do colexio co do equipo ou temos que pechalo se queremos ter un campo impecable, que cre que non é a solución porque tampouco temos un equipo de primeira división. Que é a súa opinión e, comparado con como estaba antes, que era de area, mellorouse moitísimo. Que, dos campos da liga naturais, é dos mellores, agás o de Cerdido que quizás sexa o mellor, o de Moeche, que tamén foi bon pero xa cos anos pois agora tamén xa non é o que era. Se facemos a comparación de campos naturais, comparado co de Aranga, comparado co do Cabanas, comparado co do Rosalía, comparado co do Mandiá, á vista está. Así que a súa postura vai ser tamén en contra porque non é un problema de drenaxe como din aquí os enxeñeiros. E volve repetir que intentarán que volva a estar o mellor posible pero tendo ese condicionante de que o usa o colexio e o usan no campionato e que intentarán compaxinar ese uso que ten o campo, pero que desde logo non o van a pechar ao colexio para que estea no mellor estado posible.

Pide a palabra para intervir de novo a Sra. Voceira do Grupo Popular, o Sr. Alcalde en funcións concédella, e esta manifesta que si, que ten razón, que o seu grupo criticou moitas veces o investimento que se fixo no campo, insiste en que ten razón, que lle da a razón, e engade que o criticaron ata máis non poder porque cren que Monfero non é capaz de soportar un campo de herba natural, porque o campo do Eume non é capaz de soportalo Pontedeume e por iso está con herba artificial e pregúntalle ao Sr. Alcalde en funcións que lle diga cantos campos de herba natural hai na provincia da Coruña, que xa non van a Galicia, na provincia, que lle diga cantos hai. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que hai moitos. A Sra. Concelleira replícalle que iso non é verdade porque aqueles concellos que tiña un campo de herba natural o cambiaron a artificial por non poder asumir todo ese custo que conleva, e que entón se naquel momento se investiu tanto diñeiro en amañar o campo porque se empeñaron en poñer un campo como o Camp Now ou como o Bernabeu, cousa que aquí non podemos aguantar, pois ter agora este problema non é de recibo. Se se están investindo os cartos para que ao final non poida soportar o campo o adestramento dun equipo, que non estamos falando de que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

haxa sete equipos, non, non é o caso do Eume, que ten varias categorías, aquí temos soamente un equipo de fútbol, entón... En canto ao tema do colexio, que non queren que se peche ao colexio, porque xa case non se abre, que os nenos xogan no campo de fútbol días contados. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que está aberto todos os días e a Sra. Voceira do Grupo Popular contrareplícalle que iso é mentira que os nenos xogan no campo de fútbol días contados. O Sr. Alcalde en funcións engade que menos os días que chove e contéstalle que si que é verdade, que está aberto e a Sra. Concelleira tamén insiste en que non é verdade, que agora mesmo non está dicindo a verdade. Falan a un tempo e outros concelleiros. Conclúe a Sra. Voceira que eles o que queren é que se arranxe este problema e que lle consta que sabe da situación porque (ao Alcalde en funcións) o informaron desde o Club pero que claro, como aquí veñen a defender non se sabe que e todo é armar. Respóndelle o Sr. Alcalde en funcións que o informaron desde o Club, que está en contacto coa directiva todas as semanas. A Sra. Voceira contéstalle que eles tamén. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que foi xogador moito tempo, que a ver que é o que lle quere dicir e contar. Que a súa postura xa a dixo, xa a explicou, que non é problema do drenaxe. A Sra. Voceira di que está clarísimo: non queren solucionar o problema e entón o Club que siga adestrando nun campo doutro concello e o outro concello que siga a pagar o mantemento dese campo para que vaia o Club de Monfero a adestrar. O Sr. Alcalde en funcións apunta que na moción o que pon é realizar un estudo urxente sobre as deficiencias do drenaxe, e que non hai deficiencias do drenaxe, é doutra cousa, o problema ven por outro lado, non é polo drenaxe e que non o di el que o din os técnicos. A Sra. Voceira manifesta que non vai a poñer en dúbida o que din os técnicos pero que a eles o que lles din é que hai un problema de drenaxe e que cando chove se anega. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que non é do drenaxe, que el tamén o cría pero que non é un problema de drenaxe. Pregunta agora o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, que se se sabe cal é o problema porque non se amaña. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que xa o dixo e a Sra. Voceira que porque non queren. O Sr. Alcalde en funcións repite que o problema e o uso excesivo do campo segundo os técnicos. D. José Tojeiro pregunta novamente se é polo uso excesivo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si. A Sra. Voceira pregúntalle entón se ten uso excesivo cun equipo de fútbol só. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que segundo os técnicos se se quere ter impecable. D. José Tojeiro pregunta se xa está se os técnicos din que non vai porque chove moito aquí. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non é así, que iso non o dixeron. A Sra. Voceira pregunta se entón o que tempos é un campo para mirar para el simplemente, e engade que haberá que facer outro noutro lado para que o Club teña... porque se temos un campo de herba natural e non se pode xogar nel... pois que lle diga (o Alcalde en funcións) para que queremos un campo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que compare os campos de herba natural que hai pola volta con este. A Sra. Voceira replícalle que xa non quedan. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle preguntando que como que non, e afirma que o ten Aranga, teno Cabanas, teno Vilarmajor, teno Cerdido, ten Valdoviño, ten Mandiá, ten Vilaboa, de Valdoviño tamén, e pregúntalle se non quedan ao tempo que afirma que quedan moitísimos. A Sra. Voceira insiste en que xa case non quedan campos de herba natural.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado da votación é o seguinte: 3 votos a favor (PP), 4 votos en contra (PSOE e BNG) e ningunha abstención. Xa que logo o Sr. Alcalde en funcións proclama que a moción do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Monfero sobre o problema do drenaxe do campo de fútbol municipal á que se refire este punto da orde do día, queda rexeitada polo Pleno da Corporación por maioría.

3.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO ÚLTIMO

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que teñen todas as resolucións deste mes de febreiro. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha, declara que o Pleno toma razón e dá paso ao punto seguinte.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de febreiro de 2025, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO DE 2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00042/2025	PREVISIÓN GASTOS CORRIENTE 2025	01-02-2025 08:36
00043/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 6-02-2025 (3/2025)	03-02-2025 14:47
00044/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06-02/2025 (4/2025)	05-02-2025 14:46
00045/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	07-02-2025 11:09
00046/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	07-02-2025 11:09
00047/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	10-02-2025 13:33
00048/2025	MODIFICACIÓN DATAS DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL APROBADO 2024	10-02-2025 15:08
00049/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 12-02-2025 (05/2025)	11-02-2025 13:27
00050/2025	LISTA AGARDA AXUDAS TÉCNICAS. FEBREIRO 2025	13-02-2025 12:32
00051/2025	ADHESIÓN ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR	13-02-2025 14:22
00052/2025	Adxudicación Contrato Menor. ACTIVIDADE LÚDICA ENTROIDO	18-02-2025 13:43
00053/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 21-02-2025 (04/2025)	18-02-2025 14:14
00054/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20-02-2025 (06/2025)	19-02-2025 14:51
00055/2025	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS BOLSA LIMPADOR/A 2025	20-02-2025 13:13



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00056/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	20-02-2025 14:24
00057/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	20-02-2025 14:25
00058/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	20-02-2025 14:25
00059/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	21-02-2025 15:58
00060/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 26-02-2025 (07/2025)	25-02-2025 15:14
00061/2025	Contrato menor. ESPAZOS DAS FAMILIAS (2º/2025)	25-02-2025 14:51
00062/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	26-02-2025 12:09
00063/2025	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	26-02-2025 12:12
00064/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	26-02-2025 15:18
00065/2025	Tramitación de Subvencións: PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026	26-02-2025 16:31
00066/2025	NÓMINA 02/2025	26-02-2025 14:06
00067/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN XUNTA IMPACTO paisaxístico	27-02-2025 10:57
00068/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	27-02-2025 11:43
00069/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	27-02-2025 10:25
00070/2025	SOLICITUDE subvención XUNTA MELLORA EQUIPAMENTOS PARQUES BIOSAUDABLES	28-02-2025 11:07
00071/2025	AXUDAS AO ESTUDO 2025	28-02-2025 14:03
00072/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 05-02-2025 (08/2025)	28-02-2025 14:04
00073/2025	RELACIÓN FACTURAS 07DOK/2025	28-02-2025 14:21

4.- ASUNTOS URGENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se produciu un asunto urgente polo envío dunha documentación tardía que non chegou a tempo para o Pleno.

Explica que se trata dun convenio entre o Concello de Monfero e o Concello de Pontedeume para concorrer xuntos para a solicitude dunha subvención na liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental. Que sería para poñer o alumeado a led no que ven sendo a parroquia eclesiástica de Santa Mariña que é compartida entre os dous concellos. Que a Monfero lle tocaría a parroquia de Taboada e en Pontedeume teríamos os lugares da Veiga, Gunturiz, Vilamoire, A Regueira, A Ourela, o que ven sendo a parroquia de Santa Mariña. Que sería por un importe solicitado de preto de 60,000€, dos cales Monfero levaría 28,700 e Pontedeume 27.400 e que propón ao Pleno da Corporación a urxencia da proposta, se se pode votar, se corresponde.

Deseguido pregunta se hai intervencións e toma a palabra a Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que eles, todo o que sexan melloras para Monfero e sobre todo neste caso no aforro enerxético, pois están de acordo e o van apoiar pero que cre que debe de haber un erro na memoria porque a parroquia de Pontedeume que limita coa de Taboada non é

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

a de Breamo, que non é parroquia, senón que é a parroquia dos Altos de Ombre. Durante uns minutos debaten o Sr. Alcalde e tres Concelleiros/as sobre este tema.

A continuación, a Sra. Concelleira manifesta que pola súa parte están de acordo en que se faga a agrupación e comenta que o prazo para solicitar o Fondo de compensación ambiental xa rematou o 6 de marzo. O Sr. Alcalde en funcións concorda e infórmaa de que a solicitude xa foi enviada e que o convenio faise posteriormente.

Seguidamente, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a urxencia da proposta. Vótase co resultado de que a urxencia é aprobada co voto favorable de todos e todas os/as membros do Pleno da Corporación asistentes á sesión e polo tanto co quórum da maioría absoluta esixido para estes efectos. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama, procedendo seguidamente a tratar a seguinte:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

APROBACIÓN CONVENIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN FCA 2025 LIÑA COMPETITIVA

Na Orde do 23 de xaneiro de 2025, publicada no DOG núm. 25, do 06/02/2025, régulanse os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva e da liña en concorrència competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Tras as conversas mantidas entre os alcaldes dos concellos limítrofes de Monfero e Pontedeume, chegan á conclusión de que a xestión compartida do anteproxecto denominado **“Actuación de eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos”**, elaborado por FACILITA INGENIERIA S.L., cun orzamento total de 59.889,88 €, a realizar entre os Concellos de Monfero e Pontedeume, que consta no expediente, suporía unha minoración de custos, ademais doutros beneficios para os dous concellos.

O obxectivo da agrupación voluntaria de ambos os concellos que se proxecta é o de mellorar a eficiencia da xestión pública, mediante a cooperación administrativa, nomeando un único representante para o relacionado co procedemento de solicitude, seguimento e xustificación da subvención de que se trata e a coordinación posterior de ambas entidades na execución das diferentes actuacións do proxecto sobre a totalidade do ámbito.

Tendo en conta que a LBRL establece como un principio para a relación interadministrativa, para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, a coordinación e cooperación das administracións públicas para ou eficaz cumprimento das súas tarefas.

Queda, desta forma, debidamente acreditada a xustificación de que é máis conveniente/eficiente realizar actuacións no ámbito indicado de forma conxunta entre ambos os municipios.

O acordo de aprobación do convenio considero que lle corresponde adoptalo ao pleno da Corporación, por aplicación dos artigos 22.2.b), 22.2.f) e 22.2.p) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que lle atribúen a competencia para adoptar os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, para a aprobación das formas de xestión dos servizos e cando se esixa unha maioría Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

especial, respectivamente; e a validez do acordo estimo que require o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, como se establece nos artigos 47.2.g) e 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao esixir este quórum para a creación ou adhesión a organizacións asociativas e para a transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, respectivamente.

Logo de ver o texto do convenio de colaboración a asinar entre os Concellos de Monfero e Pontedeume, que se transcribe a continuación, e que consta no expediente, para regular a solicitude da subvención e a xestión compartida, e demais antecedentes, documentación e informes do expediente, propóñolle ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio administrativo de colaboración que se reproduce deseguido como anexo para a solicitude da subvención e xestión compartida do proxecto denominado “**Actuación de eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos**” nos concellos limítrofes de Monfero e Pontedeume, e adoptar os acordos que se conteñen no devandito convenio, que literalmente di:

CONVENIO INTER ADMINISTRATIVO DE AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA A TRAMITACIÓN DE SUBVENCÍONS

Obxecto da agrupación: Solicitude de Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

REUNIDOS

Na data da sinatura dixital

A entidade Concello de Pontedeume, con domicilio social en Rúa Real, 13 – Pontedeume (A Coruña), CIF P1507000F e representada legalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro como Alcalde-Presidente.

A entidade Concello de Monfero, con domicilio social en Lugar Rebordelo 1,15619, Monfero (A Coruña), CIF P1505100F e representada legalmente por D. Alberto Cortizas Rejo como Alcalde-Presidente, en funcións

As partes recoñecen a súa capacidade e lexitimidade para subscribir o presente Convenio, e para estes efectos

EXPOÑEN

Que as partes desexan constituír unha agrupación de entidades, sen personalidade xurídica, no marco das axudas convocadas para ser beneficiarios Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

En consecuencia, formalízase o presente acordo, que formaliza un Convenio Interadministrativo, que regula o funcionamento da Agrupación ou Grupo, de conformidade co seguinte:

CLÁUSULAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Primeiro. Obxecto e obxectivos da colaboración e actuacións a desenvolver

O presente Convenio ten por obxecto constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para participar, de forma conxunta, na Convocatoria de axudas convocadas para ser beneficiarios Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

As actuacións están referidas ao anteproxecto presentado por Facilita Ingeniería S.L, que será a actuación en agrupación para cuxa execución se solicita axuda económica á Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde indicada, coa denominación: "Anteproxecto: actuación de eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos (FCA 2025, CC)", asinado polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Dubra Liste, colexiado n.º 3048, por importe con IVE de 59.889,88€.

A proposta dos peticionarios para acollerse a liña de concorrencia competitiva consiste en:

- Concello de Monfero: eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos na Parroquia de Taboada.
- Concello de Pontedeume: eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos na Parroquia de Breamo

Estas parroquias dos Concellos de Monfero e Pontedeume están pegadas, polo que o proxecto conxunto permite dar unha continuidade ás instalacións de iluminación pública exterior, co cal se conseguirá unha uniformidade lumínica no territorio afectado pola actuación aquí proposta.

A distribución de custos incluída no proxecto, entre ambos concellos é a seguinte:

Concello	Custos sen IVE		Custos con IVE		Aforros	
	Execución compartida	Execución individual	Execución compartida	Execución individual	Sen IVE	Con IVE
Monfero	23.731,25 €	26.104,38 €	28.714,81 €	31.586,29 €	2.373,13 €	2.871,48 €
Pontedeume	22.646,69 €	24.911,36 €	27.402,49 €	30.142,74 €	2.264,67 €	2.740,25 €
Total	46.377,94 €	51.015,73 €	56.117,31 €	61.729,04 €	4.637,79 €	5.611,73 €

Segundo. Validez

A vixencia do presente Convenio queda suxeita á concesión da subvención que no seu caso se solicite e, no seu caso, ao disposto na resolución de concesión.

Esta agrupación de concellos non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Obrigas das partes e compromisos de execución asumidos polos membros da agrupación

As entidades representadas neste acordo de agrupación teñen a consideración de entidades beneficiarias da subvención, polo que, de forma individual, cada unha delas deberá

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

cumprir os requisitos necesarios para acceder á condición de entidade beneficiaria conforme a Orde reguladora, tendo en conta a esixencia na Orde da convocatoria de asunción do compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

Sen prexuízo do anterior, as partes comprométense a:

- a. *Cumprir coas obrigacións establecidas na correspondente Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas.*
- a. *Executar o Proxecto de acordo á proposta aceptada ou, no seu caso, reformulada, garantindo a calidade e o logro dos obxectivos e resultados esperados.*
- b. *Solicitar autorización do ente financiador no caso de modificación substancial das condicións tomadas en conta para a concesión da subvención, ao amparo do previsto nas Bases Reguladoras, no seu caso, para a súa aceptación expresa.*
- c. *Ratificar as cláusulas do presente convenio, así como o nomeamento de representante, mediante documento expresamente asinado por ambas partes.*

Catro. Organización interna do grupo e representación da agrupación

1. *As partes identifican ao Sr. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde presidente do concello de Pontedeume, como representante ou axente único do grupo con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como entidade beneficiaria, correspóndenlle.*

1. *O representante está autorizado para presentar a solicitude e realizar o resto de comunicacións e trámites en nome da agrupación, tanto no procedemento de solicitude como na fase de seguimento e xustificación da axuda.*

Para os efectos de notificacións e comunicacións da Consellería financiadora o representante ou axente único do grupo, realizarase a través da seguinte dirección de correo electrónico proporcionado por: correo@pontedeume.gal

2. *Plan de continxencia grupal:*

Todos os membros do Grupo, baixo a coordinación do seu representante ou apoderado único, comprométense a monitorizar o avance técnico e económico do proxecto para executar con base no plan de traballo establecido e o estado de implementación dos indicadores e resultados esperados.

Periódicamente, e no seo do Comité de Goberno, Control e Seguimento da execución do proxecto e do funcionamento da agrupación, analizaranse as posibles desviacións do cronograma previsto e propoñeranse as accións e medidas correctoras correspondentes, que serán sometidas á consideración dos membros da agrupación e no seu caso á adopción dos acordos que procedan.

Sen prexuízo do anterior, os membros da agrupación deberán comunicar oportunamente ao representante ou axente único calquera información relacionada co Proxecto que poida ser relevante para o adecuado desenvolvemento do mesmo e, en particular, calquera atraso e/ou modificación na execución do plan de traballo.

3. *Comisión de seguimento do Convenio*

A citada Comisión de Goberno, Control e Seguimento da execución do proxecto e do funcionamento da agrupación, que terá tamén as funcións de seguimento e control da execución do convenio interadministrativo subscrito para os efectos da constitución desta agrupación, así

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

como a resolución en primeira instancia das discrepancias relativas á interpretación do devandito convenio, estará integrada por representantes de cada Concello.

Os acordos e decisións que adopte esta Comisión, que se reunirá ordinariamente cando sexa requirido por calquera dos membros, serán aprobados pola maioría dos seus membros e, en caso de empate, pola maioría dos participantes no procedemento de acordo coa porcentaxe de financiamento que corresponda a cada un deles.

Quinto. Compromisos de implementación e orzamento

1. As entidades que integran o grupo comprométese a realizar as actividades, importes e porcentaxes por entidade que, no seu caso, detállense na solicitude de subvención, en relación co proxecto ou proxectos presentados.

1. En todo caso, as entidades membros comprométese a manter un sistema de rexistros contables separados ou códigos contables adecuados para todas as transaccións que correspondan á execución dos proxectos de que se trate.

2. Os gastos deberán estar a nome da entidade beneficiaria. No caso de grupos, os gastos deberán estar a nome da entidade que forme parte do grupo que execute o gasto. Neste sentido, os pagos realizaranse de forma individual a cada entidade, co fin de verificar que cada un dos socios atópase ao corrente das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social. Con todo, as partes serán solidariamente responsables de todas as actividades subvencionadas realizadas polo grupo, incluída a obrigación de xustificación, o deber de reembolsar e a responsabilidade por infraccións.

3.

Sexto. Responsabilidade, indemnidade e confidencialidade entre os participantes

As entidades que integran a agrupación asumen os seguintes compromisos en materia de responsabilidade, indemnización e confidencialidade entre membros:

d) Responsabilidade.

Sen prexuízo das responsabilidades que, de acordo co establecido nos artigos 36.1 e 51 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións galegas, poidan corresponder a agrupación, cada membro do mesmo será responsable do cumprimento das actividades que se comprometeu a desenvolver. En caso de incumprimento deste Convenio por unha das Partes, tomaranse as medidas necesarias para alcanzar os obxectivos do Proxecto e completar os traballos correspondentes á Parte incumplidora.

Cada membro do Grupo comprométese a executar o gasto de acordo coas regras establecidas nas Bases Reguladoras da convocatoria e na Resolución de concesión da axuda, así como nas observacións e instrucións que para o efecto determine o órgano administrativo competente. Todos os gastos deberán realizarse dentro do prazo do Proxecto establecido na Resolución ou, no seu caso, dentro das prórrogas que autorice o órgano administrativo competente.

É responsabilidade dos asociados poñer ao dispor do representante ou apoderado único a documentación soporte do auxilio requirido na convocatoria. Esta documentación acreditativa remitirase ao representante ou apoderado único coa antelación suficiente para que poida remitila en tempo e forma ao órgano administrativo competente. No ámbito interno do Grupo, o representante único ou representante autorizado queda exento de calquera responsabilidade que puidese derivarse da falta de presentación en prazo da documentación que calquera participante debe presentar, sempre que o atraso sexa imputable a este. Por tanto, cada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

membro do Grupo asume expresamente todas as consecuencias que puidesen derivarse da non presentación en prazo do mencionado soporte documental.

Cada membro do Grupo será responsable de calquera obrigación de reembolso ou sancións que puidesen impoñerse ao propio Grupo como consecuencia do incumprimento dos seus compromisos. Así mesmo, cada membro do Grupo será individualmente responsable de calquera subcontratación que realice para o desenvolvemento do Proxecto. As obrigacións contraídas con subcontratistas non poderán ser esixibles ao representante único ou apoderado nin aos demais membros do Grupo.

b) Compensación.

O Grupo no seu conxunto non será responsable de ningún importe debido por cada un dos seus membros por incumprimentos descubertos despois da data final de execución do proxecto. Así mesmo, o Grupo non será responsable de ningunha indemnización por danos e prexuízos ou penalizacións que deban pagarse a unha parte individual.

Se unha vez notificada á parte incumpridora a decisión adoptada respecto diso no ámbito da Comisión de Gobierno, Control e Seguimento do Grupo, esta estivese de acordo coa mesma, deberá proceder ao pago da indemnización á parte afectada polo devandito incumprimento. No caso de que o debedor non estea de acordo coa decisión adoptada, xa sexa no concepto ou importe da indemnización, e por tanto néguese a abonala, as demais entidades que integran o Grupo poderán exercer, colectiva ou individualmente, as accións legais que estimen oportunas contra o debedor.

c) Confidencialidade.

Os membros do Grupo comprométese a utilizar a información confidencial recibida unicamente en relación co propósito para o cual foi revelada, dentro do alcance do obxecto deste Acordo e unicamente para os usos previstos no mesmo. En consecuencia, non a utilizarán para ningún outro fin, non a revelarán a terceiros e non a publicarán por ningún medio sen a previa autorización escrita do membro do Grupo propietario da devandita información confidencial.

Os subcontratistas só poderán acceder a información confidencial cando sexa estritamente necesario para a execución do traballo subcontratado, debendo subscribir un Acordo de Confidencialidade con obrigacións similares ás establecidas nesta cláusula. Por tanto, o membro do Grupo que actúe como subcontratista será responsable de calquera incumprimento dos seus subcontratistas.

Esta obrigación de confidencialidade non será de aplicación nos seguintes casos:

- a) Cando a persoa que recibe a información teña constancia de ter coñecemento previo da información recibida.*
- b) No caso de que a información recibida sexa de dominio público no momento de acceder a ela ou fágase pública por causas non imputables ao destinatario.*
- c) Cando a Parte receptora adquira esta información dun terceiro sen obrigación de confidencialidade.*
- d) No caso de que a divulgación de información sexa requirida por disposición regulamentaria ou por autoridade competente.*

Os membros do Grupo comprométese expresamente a que todo o seu persoal participante no proxecto subvencionado coñeza e respecte o presente acordo de confidencialidade, e declaran recoñecer e asumir que determinada información relacionada co presente Acordo e a xestión do proxecto subvencionado debe ser revelada de conformidade coa lexislación aplicable en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

En relación cos conceptos incluídos nesta cláusula, cada unha das partes será responsable de cada unha das actividades relacionadas co proxecto ou proxecto que, no seu caso, comprométase a desenvolver, en proporción ao gasto que cada entidade realice, incluíndo a obrigaón de xustificación, o deber de reembolso e as responsabilidades por infraccións, así como en materia de responsabilidade, indemnización e confidencialidade entre os participantes.

Sétimo. Propiedade dos resultados

1. *Cada entidade será titular dos dereitos sobre o coñecemento preexistente do Proxecto que se considere necesario para a súa execución.*
1. *Os resultados do proxecto serán propiedade da(s) Parte(s) que os obtiveron. Na medida en que estes resultados sexan susceptibles de protección legal, a titularidade dos Dereitos de Propiedade Industrial relativos ás invencións ou outros títulos de propiedade que puidesen derivarse dos devanditos resultados corresponderá á Parte que os xerou.*
2. *Cando como resultado da xeración conxunta os resultados sexan propiedade de varias Partes, estas decidirán de común acordo a atribución e forma de exercer a súa propiedade e protección.*
3. *A protección dos resultados e, no seu caso, da propiedade industrial resultante, realizarase de conformidade co disposto no ordenamento xurídico.*
4. *As entidades que integran o grupo comprométese a manter os investimentos durante o prazo que, no seu caso, establézase nas Bases de Convocatoria.*
5. *As publicacións seriadas ou periódicas que puidesen derivarse do proxecto subvencionado estarán suxeitas ao marco legal establecido pola Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e, por tanto, deberán ser difundidas en aberto, de conformidade co establecido no artigo 37 da devandita lei.*

Oitavo. Dereitos de difusión, utilización e acceso aos resultados da actividade subvencionada.

As normas colectivas de difusión, utilización e dereitos de acceso aos resultados da actividade subvencionada correspóndense coas indicadas en relación a estes aspectos na Orde de bases de solicitude da convocatoria.

Noveno. Protección de datos

As partes comprométese a tratar confidencialmente os datos persoais que traten baixo o presente acordo de cesión e a cumprir adecuadamente en todo momento co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/2016 do Parlamento Europeo, do 6 de abril de 2016, sobre as persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos), e calquera outra normativa vixente ou que poida ditarse no futuro sobre a materia.

Décimo. Xurisdición competente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Para todas as cuestións ou controversias que puidesen xurdir en relación con este contrato, as partes sométense á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais contencioso-administrativos.

E como proba de cumprimento, as partes asinan o presente Acordo na data da sinatura electrónica.

*Pola Entidade: Concello de Pontedeume
Don Bernardo Fernández Piñeiro*

*Pola Entidade: Concello de Monfero
Don Alberto Cortizas Rejo“*

SEGUNDO.- Nomear representante da agrupación, ao Alcalde-Presidente do concello de Pontedeume, D. Bernardo Fernández Piñeiro, para a presentación da solicitude e para realizar do resto de comunicacións e trámites en nome da agrupación, tanto no procedemento de solicitude como na fase de seguimento e xustificación da axuda, non seu caso.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontedeume para os efectos oportunos.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume para a sinatura de canta documentación se derive do presentar acordo.

QUINTO.- Publicar o presente acordo non portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Monfero, 20 de marzo de 2025

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo“

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase co resultado de que a proposta da Alcaldía sobre a aprobación do convenio co Concello de Pontedeume para a solicitude da subvención do FCA-2025 na liña de concorrencia competitiva transcrita anteriormente é aprobada co voto favorable de todos e todas os/as membros do Pleno da Corporación asistentes á sesión. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Popular municipal, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que querían retomar unha pregunta que trouxeron no pleno anterior sobre o Club Deportivo Monfero, onde lles dixo (o Alcalde en funcións) que era un club privado e queren que lles explique se realmente é un club privado e se a través dese club compráronse unhas equipacións para os nenos das escolas deportivas e as familias recibiron unha mensaxe, que o pode ler se quere, a través dos seus teléfonos móbiles, onde dicían “Buenos días. El Ayuntamiento de Monfero ha decidido darle un regalo a todos los participantes en las escuelas deportivas. El fin es que nuestros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

deportistas vayan todos con la misma equipación cuando participan en las diferentes actividades y competiciones deportivas. Para recoger este cheque-regalo de 40 euros tendréis que pasar por el Concello el lunes, en horario de 11:30 a 12:30. Podéis elegir una de las dos sudaderas verdes y el pantalón del chándal. Una vez que tengáis el cheque-regalo tenéis que pasar por Todo Deporte en Betanzos y elegir la talla” Que este foi un WhatsApp que foi enviado desde o Concello ás familias, incluso tamén ás familias de Irixoa, que houbo familias de Irixoa que se acercaron a Monfero, dicíndolles que se lles ía a dar o bono tamén a eles, e que despois a última hora as familias viñeron ao Concello e desde aquí, cre que o Alcalde en funcións, díxolles que a eles non lles correspondían que eran só para Monfero. Interrómpea o Sr. Alcalde en funcións para dicir que de Irixoa non e preguntarlle se veu algunha familia desas. Continúa a Sra. Voceira do Grupo Popular dicindo que é a pregunta que traen hoxe ao pleno, e máis queren que (o Alcalde en funcións) dea as explicacións que correspondan e, se é un club privado, por que o Alcalde en funcións entrega eses bonos no Concello a estas familias porque se é un club privado algo se está facendo mal e (o Alcalde en funcións) cometeu unha ilegalidade nese sentido e que lles gustaría saber o por que.

Deseguido, a Sra. Voceira do Grupo Popular di que a outra pregunta de rigor, como tamén o facían no pleno anterior, é acerca do PXOM. Que no pleno anterior dicíanlles que o 28 de febreiro ían ter unha reunión coa empresa que está a redactar o Plan e que querían saber a día de hoxe cal foi a conclusión desa reunión. Que lles sorprende tamén ver as declaracións que fixo o Sr. Alcalde en funcións a un xornal, onde antes a culpa era da Xunta e agora a culpa é das empresas urbanísticas que non queren levar a cabo o Plan Urbanístico. Que xa non saben se dan ganas de rir ou de chorar ao ver estas declaracións porque as empresas o que queren é cobrar e hai por aí adiante outros concellos que son moitísimo máis complexos que o noso en temas urbanísticos e si que realmente teñen PXOM e que entón a pregunta que lanzan ao grupo de goberno é cal foi a conclusión desa reunión do 28 de febreiro.

Que pola súa parte nada máis.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións pregúntalle se hai algunha intervención ao Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que non.

Procede entón o Sr. Alcalde en funcións a contestar á pregunta relativa ao Club Deportivo Monfero da equipación, manifestando que se ten feito máis veces meter ás escolas deportivas no Club tamén, que se mete o bádminton, non recorda agora mesmo cales, que se ten metido o fútbol sala dos nenos, tamén se ten aproveitado para material para as escolas deportivas e este ano, como non tiñan no club xustificación suficiente para ás facturas porque este ano están nunha liga de fútbol sala, que é máis barata, estaban como nunha división e están noutra máis ou menos, sobaban cartos da subvención e decidiron adquirir as equipacións para os nenos. Interrompe o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, para engadir que co nome do Concello. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que iso foi o que se fixo, que xa se fixo máis veces sen

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

estar el aínda na política, incluso ao mellor estando vos tamén. Que o erro si que é ao mellor pois que se dea, porque ao final son cartos subvencionados do Concello, pero si que aí é un erro.

Pide a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, o Sr. Alcalde en funcións concédellela e esta manifesta que evidentemente claro que hai algo que non cadra. Falan os dous a un tempo. A Sra. Voceira dille que cre que lle está dando a razón e pide que conste en acta que o Grupo Popular non se opón a que se lle dea ningunha equipación ás familias, que o que hai que facer é as cousas con xeito, que se é un club privado como lles dixo no anterior pleno, que se poñía moi nervioso con esta pregunta. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que non se puxo nervioso para nada. Prosegue a Sra. Concelleira dicindo que non se pode mesturar un club privado co do Concello, e entón se vostede (o Alcalde en funcións) está no Club como secretario ou como a persoa que sexa. Interrompe o Sr. Alcalde en funcións para dicirlle que leva xa no Club, como ben sabe (a Sra. Concelleira), antes de estar na política. Continúa a Sra. Voceira do Grupo Popular manifestando que como Alcalde en funcións do Concello estea a repartir uns chándales con cargo a ese Club, realmente cre que debe de pedir perdón por iso. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que houbo un erro aí. O Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro, manifesta que iso no está ben. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que aí lles da a razón pero que foi porque sobaban cartos. A Sra. Concelleira contéstalle que vale pero que as cousas se poden facer doutra maneira sen mesturar unha cousa con outra. O Sr. Alcalde en funcións engade que pide desculpas porque ata a idea non foi súa. D. José Tojeiro manifesta que iso está moi mal... A Sra. Concelleira contéstalle ao Sr. Alcalde en funcións que non saben de quen foi a idea e D. José Tojeiro que ben sabe de onde veu a idea. O Sr. Alcalde en funcións manifesta, referíndose a Sra. Concelleira, que cre que cando eles gobernaron tamén se fixo así algo. A Sra. Voceira contéstalle que non ten constancia, que non van mirar o que pasou vinte anos para atrás porque non se acorda. Pola súa banda, D. José Tojeiro, dille que entón igual ese Club non tiña que ter o de Club Concello de Monfero, que sempre, sempre, pensou que era do Concello ata que o outro día no pleno díxolles que non ás preguntas, que era un club privado, do que ningún tiñan idea. A Sra. Concelleira di que o nome da igual e o Sr. Alcalde en funcións concorda e contéstalle que non é do Concello, que é un Club deportivo, que iso fai anos creouse para dar... que é como o equipo de fútbol, que ese Club, polo que sabe, antes de que el entrara xa se creara, que tiña el trece ou catorce anos. A Sra. Concelleira engade que estaba Óscar de Presidente. Prosegue o Sr. Alcalde en funcións que se creou un pouco para as escolas deportivas, para o fútbol sala de alevíns, bexamíns, infantil, bádminton e iso, que era para adquirir materiais e todo iso, que se creou con esa finalidade, que non se fixo con maldade ningunha nin nada. D. José Tojeiro dille que están de acordo con iso pero que o que fixo o Alcalde en funcións está mal. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si. Engade o Sr. Tojeiro que porque non ten que mesturar o Club co demais. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o asume. D. José Tojeiro insiste en que iso non se fai e aínda repartila no despacho da Alcaldía... que iso non se pode facer. O Sr. Alcalde indica que sobaban cartos... D. José Tojeiro dille que está de acordo pero

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que podíase colgar doutra forma: Ao Club Deportivo do Concello de Monfero sóbralle uns cartos e vains investir nos nenos, non os vai investir o Concello e, como Alcalde en funcións repartíndoo ás familias, vendéndoo politicamente e preguntalle se si ou se non. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que politicamente non o vendeu, e o Sr. Concelleiro replícalle ironicamente que non, claro, que iso non está ben. A Sra. Voceira do Grupo Popular conclúe que eles cren que se están facendo as cousas mal nese aspecto, que se están mesturando. O Sr. Alcalde en funcións reitera que lles da a razón, que asume o erro, pide desculpas e engade que mentres el sexa Alcalde non volverá a pasar. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que aceptan as desculpas e D. José Tojeiro di que rectificar é de sabios. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que eles o que piden é que se teña coidado con estas cousas, que a ver se os nenos non son as vítimas e teñen máis cousas e que se teña coidado cando se mandan os WhatsApp,s porque neste caso que as familias de Irixoa reciban esta información... O Sr. Alcalde dille que el non mandou nada, que debeu de ser a través dun grupo e a Sra. Concelleira contéstalle que non, que foi a título persoal. Pide agora a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta, con respecto ao argumentario do Sr. Alcalde en funcións de que xa se fixo máis veces, que iso non exime de que estea ben feito, que se fixera moitas veces non quere dicir que estivera ben feito. Concorda o Sr. Alcalde en funcións e engade que o lembra porque se creara cando era un rapaz, que tería uns catorce anos, para adquirir materiais para o fútbol sala de categorías inferiores, que creara o Concello as Escolas deportivas, que o lembra perfectamente, que estaba Óscar Vázquez de presidente.

Resposta agora o Sr. Alcalde en funcións á pregunta do PXOM que evidentemente tiveron a reunión o 28 de febreiro, que houbo avances, que dos cinco organismos sectoriais que pediron os informes a corrixir, o informe de paisaxe está listo, o informe de telecomunicacións tamén está listo, o informe de estradas da Deputación listo, o informe de estradas da Xunta tamén está listo, o informe de patrimonio, que foi o que máis tempo lles levou facer estes anos porque tiveron que volver a empezar, facer unha cartografía individualizada patrimonial, quedalles a parroquia de San Fiz, as outras seis xa están listas tamén. Que o último era un informe de augas que tamén están ultimando unhas tramitacións para deixalos listos. Que quedaría entón a cartografía patrimonial na parroquia de San Fiz, e quedaría a corrección de parte do informe de augas, que unha vez que estean todos corrixidos xa se enviarían a Xunta de Galicia (...) para a aprobación provisional. Que isto é o que pode resumir da última reunión. Pregunta se hai algunha intervención e engade que todo o tempo que levou estes anos foi polo de patrimonio, que lles mandaron unha ficha individualizada de cada ben patrimonial cunha visión tres sesenta. Canto ás declaracións do periódico das que fala, que o periódico (...) o que lle poñen, dunha entrevista de cinco minutos resúmese a unha frase de catro palabras, que o que lle dixo, que lle explicou todo pomenorizado, que a empresa que houbera antes que si que non tivera interese, que de feito quixo rescindir o contrato, pero o resumo que fixo o periodista foi ese (...) pero que el díxolle que quen non tiña

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

interese fora PROES, que de feito botou aí catro anos querendo rescindir o contrato, que foi o que lle dixo, é e unha realidade, desde que trasladou a Sede da Coruña a Madrid non quixo seguir co Plan, pero que ve que o periodista fixo o seu resumo escueto.

Intervén agora a Sra. Voceira do Grupo Popular municipal, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta que eles teñen que referirse ao que ven no periódico, que non saben cales foron as declaracións. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que evidentemente e engade que estivo a pedir unha rectificación.

Pregunta agora o Sr. Concelleiro do Partido Popular, D. José Tojeiro Mosquera, polo tempo estimado do que falta do Plan e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que a parroquia de San Fiz é grande, que lle dixo que antes do verán estaría e despois, o de Augas de Galicia, que teñen que facer unhas tramitacións de traídas municipais e iso e máis tamén dalgunha fosa séptica, que é todo o que pode dicir, que serían estes informes os que faltan as correccións.

Non se produciron máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dezanove horas e trinta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor